



<b>TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS</b> <b>Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia</b>			
<b>Prácticas de conservación activa dos bens escultóricos II</b>			
<b>Departamento: Conservación e restauración de escultura</b>			
<b>Obrigatoria da especialidade</b>	<b>Curso: 3º escultura</b>	<b>2º Cuadrimestre</b>	<b>11 ECTS</b>
<b>Práctica</b>			
<b>Profesora: Cristina Montojo Santos</b> <b>cmontojo@edu.xunta.es</b>			
<b>Horario: 12 horas semanais</b>			
<b>DESCRIPCIÓN DA MATERIA</b>			
Avaliación do estado de conservación e elaboración de propostas de intervención sobre obras escultóricas en materiais pétreos. Execución de tratamentos de restauración específicos adecuados ás obras presentes no taller. Elaboración dun informe de restauración sobre as obras intervidas no taller.			
<b>COMPETENCIAS TRANSVERSAIS</b>			
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.		
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.		
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.		
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares en contextos culturais diversos.		
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.		
<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN</b>			
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.		
X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.		
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.		
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.		
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros/as profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar..		
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde, e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o ambiente.		
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.		
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ESCULTURA</b>			
EE1	Diagnosticar as alteracións de obras de arte escultóricas e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.		
EE2	Decidir e executar os tratamentos de conservación e restauración de bens propios da especialidade máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas		



EE4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación das obras de arte escultóricas, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
EE5	Establecer un diálogo interdisciplinar con outros/as profesionais relacionados/as co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente aos bens escultóricos.
EE 8	Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada.
EE10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% no total da materia
1.Exame previo e propostas de intervención.	1.1 Rexistro da obra: toma de fotografías e mostras. 1.2 Descrición e avaliación do estado de conservación da obra. 1.3 Elaboración de propostas de tratamento.	20%
2. Tratamentos iniciais sobre material escultórico pétreo.	2.1 Preconsolidacións 2.2. Fixación de policromías 2.3 Limpezas superficiais de tipo mecánico	20%
3. Tratamentos específicos de limpeza.	3.1 Desalgación 3.2 Emprego de biocidas 3.3 Limpeza de tipo químico	20%
4.Consolidacións	4.1 Consolidacións estruturais. 4.2 Consolidacións de capas pictóricas. 4.3 Consolidación do material pétreo.	20%
5. Reintegracións e protección.	5.1 Reintegracións mátericas e pictóricas. 5.2. Protección das obras restauradas.	20%

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxía	Horas aula	Horas fóra	Total
Prácticas de taller	200		200
Informes, memorias de prácticas	8	40	48
Resolución de problemas e/ou exercicios (Traballo tutelado)	8	19	27
<b>Total</b>	<b>216</b>	<b>59</b>	<b>275</b>

METODOLOXIA DOCENTE	
Metodoloxía	Descrición
Prácticas de taller	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Informes, memorias de prácticas	O estudante, de maneira individual ou en grupo elaborará os informes



	das pezas tratadas
Resolución de problemas e/ou exercicios. Traballo tutelado	Elaboración dun traballo teórico sobre a base dunha proposta de intervención para un ben cultural tridimensional feito nalgún dos materiais que se tratan no taller, no que se describan criterios, materiais a empregar, e se acompañe de fotografías, gráficos e bibliografía. Será un traballo persoal do alumnado pero con apoio por parte do profesor, tanto a través de tutorías presenciais, mediante correo electrónico, como de apoio documental relacionado coa materia. No traballo poñeranse en práctica os coñecementos adquiridos ao longo do curso a partir das sesións maxistras.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Informes, memorias de prácticas	Rigor técnico nas propostas de intervención e tratamentos realizados nas obras reais do taller, e asimilación e capacidade de aplicación de conceptos teóricos. Claridade na exposición do informe e concordancia entre o informe escrito e o traballo efectuado no propio taller.	15 %
Resolución de problemas e/ou exercicios. Traballo tutelado	Aplicación dos coñecementos adquiridos. Corrección no desenvolvemento do exercicio.	15 %
Observación sistemática	Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Calidade do traballo realizado e iniciativa na busca de solucións	45 %
	Responsabilidade. Capacidade de organización. Interese demostrado. Asistencia a clase.	25%
<b>Total</b>		<b>100 %</b>

#### OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria.
- A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación e/ou na perda da avaliación que se realiza de modo continuo ao longo do curso.
- Avaliarase así, de forma continuada, o progreso no proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo de clase (realización de todas as prácticas, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados), e nos exames propostos ao longo do curso.
- Os alumnos que acumulen un número de faltas superior ao 25% do total, ou que non teñan entregado no prazo estipulado os traballos requiridos disporán das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar a materia.
- No caso de perda de avaliación continua por causas xustificadas, o departamento poderá establecer, unha vez estudado o caso, a posibilidade de probas alternativas.
- Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, realizarase un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas.
- A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua.
- Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria



extraordinaria .

- De cara á avaliación extraordinaria o alumno terá que realizar unha proba escrita sobre diagnose e/ou proposta de tratamento dunha ou varias pezas, para avaliar o seu grao de competencia e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.

#### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso a través das titorías docentes.

#### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Ashurst, John, Dimes, Francis G *"Conservation of Building and Decorative Stone"* Vol.1 /2 Butterworth-Heinemann , 1990.
- Carbonell de Masy, Manuel: *"Conservación y restauración de monumentos. Piedra, cal, arcilla"*. Barcelona, 1993.
- Castillejo, M., Moreno,P, Oujja,M., Radvan,R.,Ruiz,J.: *"Lasers in the Conservation of Artworks"*. Proceedings of the International Conference Lacona VII, Madrid, Spain, 17-21 September 2007.CRC Press.2008.
- Domaslowski, Wieslaw (Edit): *"Preventive conservation of Stone historical objects"*. Torun, Polonia, 2003.
- Equipo Arbotante, Dpto. De Geología, Universidad de Zaragoza: Actas *"I Jornadas de Caracterización y Restauración de Materiales Pétreos en Arquitectura, Escultura y Restauración"*. Tomos I y II. Zaragoza, 2009.
- Gaury, K. L. / J. K. Bandyopadhyay: *Carbonate Stone. Chemical Behaviour, Durability and Conservation*1999 – xiv + 284 pp., fig.
- Hochleitner,R.:*"Minerales y rocas"* Ediciones Omega, S.A. Barcelona.
- Hurbut,C.S., Klein, C.: *"Manual de mineralogía de Dana"*.Editorial Revert, S.A. Barcelona.
- Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico: *"Técnicas de diagnóstico aplicadas a la conservación de los materiales de construcción en los edificios históricos"*. Consejería de Cultura (Cuadernos Técnicos) Junta de Andalucía. 1996
- Lazzarini, Lorenzo, Laurenzi Tabasso,Marisa:*"Il restauro della pietra"*. Cedam-Padova,1986.
- Lukaszewicz, J. W. / P. Niemcewicz, eds.: *11th International Congress on Deterioration and Conservation of Stone*. 15-20 September 2008, Torun, Poland. Proceedings, 2 2008 – lii + 563 pp., fig, lám.col.
- Martín, A.:*"Ensayos y experiencias de alteración en la conservación obras de piedra de interés histórico-artístico"*. Fundación Ramón Areces. Madrid.1990.
- Mingarro M, F, ed.: *Degradación y conservación del patrimonio arquitectónico* 1996 – 505 pp., fig,
- Torraca , G.:*"Porous Building Materials. Materials Science for architectural Conservation"*. ICCROM. Roma , 2ª edic.1982.
- Universidad de Sevilla: *"Metodología de estudio de la alteración y conservación de la piedra monumental"*. Univ.Sevilla,Secretariado de Publicaciones. Sevilla, 2000.